


FIÀDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: N° 21



XOSÉ
FILGUEIRA
VALVERDE

LETRAS GALEGAS 2015
C.E.I.P. MONTEMOCOS
BELUSO

ÍNDICE

EDITORIAL.

TRABALLOS DE INFANTIL.

TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.

TERCEIRO CURSO.

CUARTO CURSO.

TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.

QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.

TRABALLOS DE MÚSICA.

TRABALLOS DO DEP. ORIENTACIÓN.

EDITORIAL

PEZA DE TEATRO:

"OS CIENTÍFICOS DE MONTEMOGOS"

A escena transcorre no laboratorio do Colexio Montemogos entre uns prestixiosos científicos.

(Volta chega ao laboratorio para presentar o seu novo invento.)

VOLTA (Manuel): Ao fin vouvos presentar o meu invento: a pila de Volta. Este maxestoso invento xera electricidade.

STEPHEN HAWKING (Dario): E como funciona?

VOLTA (Manuel): Esta pila produce unha reacción electroquímica na que o cobre cede electróns á disolución e o cinc gánaos. Ao mesmo tempo, o cinc disólvese e prodúcese gas hidróxeno na superficie do cobre.

(Agora xa todos os científicos falan sen orden nin concerto)

STEPHEN HAWKING (Dario): Que Isaac Newton, acabaches co experimento?

ISAAC NEWTON (Dani): Xa case acabei.

GALILEO GALILEI (Agustín): Xa estades a berrar!

BENJAMIN FRANKLIN (Carla): Eu xa estou rematando e iso que empeci máis tarde.

DMITRI MENDELEIEV (Hugo): Eu estou no laboratorio descubrindo unha receita química e de súpito bota un fume moi escuro. Chamo aos demais científicos e empezamos a analizar os componentes para saber que pasara pero non caímos da burra ata que Einstein (Bruno) topou a solución e foino contar á televisión.

ARISTÓTELES (Carlota): Vamos a descubrir algo novo!!! Terra, auga, aire, lume,...temos que pensar.

ROSALIND FRANKLIN (Andrea): Son fisica e descubrín o ADN. Eu son mellor ca ti Aristóteles que gañei un Premio Novel.

ARISTÓTELES (Carlota): Pois eu voume para Grecia e ti quédate aquí en Beluso.

HIPATIA DE ALEXANDRIA (Uxía): Nacín no 380 na cidade fundada por Alexandre, Alexandria, cidade situada na desembocadura do Nilo e que substituíu a Atenas como centro da ciencia grega. Xunto ao Faro de Alexandria, unha das marabillas do mundo, aportei ideas orixinais aos traballos matemáticos anteriores. Imparto clases de matemáticas e astronomía.

SUSANA PAZ DÍAZ (Autora do PDF "As mulleres na Historia das Matemáticas") (Alexandra): Eu son boa matemática e dende pequena gústanme os números.

MARIE CURIE (Clara): Nacín en Varsovia (Polonia) e agora, despois de estar en Francia, estou aquí en Montemogos e coa axuda dos meus amigos e amigas estou descubrindo a radiación,o polonio e o radio.

JANE GOODALL (Ainara): Nacín en Londres no 1934 e agora investigo sobre os chimpancés.

EMNY NOETHER (Elisa): Eu, xudía alemá, estou aprendendo máis sobre as matemáticas, cousa que me encanta!!!

HANS CHRISTIAN OERSTED (Iria): Nacín en Dinamarca e no colexió de Beluso investigo que teñen en relación a electricidade e o magnetismo.

DOROTHY HODGKIN (Ana): Eu son de Exipto e no noso laboratorio estudio a "estrutura" da penicilina. Marchando a experimentar!

MARIE CURIE (Clara): Quen sodes vós?

GALILEO GALILEI (Agustín) e ERATÓSTENES (Mario): Somos Eratóstenes e Galileo Galilei.

MARIE CURIE (Clara): E sabedes algo sobre a ciencia?

ERATÓSTENES (Mario): Eu son matemático, astrónomo e xeógrafo e Galileo é astrónomo, filósofo, matemático e fisico.

MARIE-SOPHIE GERMAIN (Sofía): Son unha matemática francesa e destaco polas miñas achegas á teoría dos números. Nacín no 1776.

SUSAN JOSECYN BERRBURNELL (Claudia): Nacín en Belfast, Irlanda. Son a maior de catro irmáns. Licencieíme en Física pola Universidade de Glasgow en 1965.

MARY FAIRFAIX SOMERVILLE (Teresa): Estou buscando ás matemáticas pois son nova neste laboratorio.

BENJAMIN FRANKLIN (Carla): Quere saber algo sobre o laboratorio?

MARY FAIRFAIX SOMERVILLE (Teresa): O único que quería saber é onde están as miñas compañeiras pois son matemática.

BENJAMIN FRANKLIN (Carla): Pódeme explicar algo do seu traballo?

MARY FAIRFAIX SOMERVILLE (Teresa): Gústame ler, coñecín a grandes matemáticas, pois viaxei por París e en 1834, "A conexión das ciencias físicas" e tamén "Xeografía física" que é un libro de texto.

BENJAMIN FRANKLIN (Carla): Estou dando clases neste laboratorio e interesaríame ese libro. Virá traballar coas súas compañeiras para conseguir a Medalla de Ouro da Real Sociedade Xeográfica e Sofhie poderá axudala. Vaia por aquela porta!

MICHAEL FARADAY (Martín): Inventei o motor eléctrico, a indución electromagnética e a gaiola de Faraday. Tamén inventei os pos de talco...


MARY FAIRFAIX SOMERVILLE (Teresa): Xa están inventados...

MICHAEL FARADAY (Martín): Que me deixen acabar! Os pos de talco con poderes. Ao entrar en contacto con eles o teu corpo vólvese corenta anos máis xoven, así poderemos tratar aos científicos máis vellos e aos mortos. Que risa!

STEPHEN HAWKING (Dario): Os vivos e os mortos vanse unir á Organización de Científicos Xoves? Iso é o que insinúas... E JOCELYN BELL (Iris) a física, onde anda?

OS MESTRES DO COLEXIO: CALARÁN ESTES CIENTÍFICOS!!!



MATEMÁTICOS

RAÚL

MARÍA

FÍSICOS

ADRIEN

AITOR

QUÍMICOS

JESÚS

MARÍA

METEORÓLOGOS

ÓLIKER

UMA

**ASTRÓNOMOS****OCEANÓGRAFOS**

RAI

NAIA



ISMAEL

NEGREK

**PALEONTÓLOGOS**

SARA

ENRIQUE



HUGO

MAÍSA

**ZOÓLOGOS**

TRABALLO DE INVESTIGACIÓN:

PEQUENOS METEORÓLOGOS

DENDE O INICIO DO CURSO LEVAMOS UN REGISTRO DO TEMPO QUE FAI EN BELUSO. OS DATOS RECÓLLENSE TODOS OS DÍAS AS 9.30 H. APROXIMADAMENTE E SÓ NOS DÍAS QUE TEMOS CLASE.



1-PREPARAMOS MURAIS PARA A RECOLLIDA DE DATOS. CADA MURAL TEN UN CADRADO CON: SOL, NUBES E SOL, NUBES, CHOIVA, VENTO, VENTO E CHOIVA, TORMENTA E MOITO FRÍO. CADA DÍA PEGAMOS UN GOMET.



2-OBSERVAMOS E COMPARAMOS DENTRO DO MESMO MES O TEMPO QUE FIJO E COS OUTROS MESES



3-EXAMINAMOS OS DATOS:

PRIMEIRO COAS PEZAS DE CONSTRUCIÓN

LOGO COLOREANDO EN TÁBOAS



POR ÚLTIMO, GARDAMOS A INFORMACIÓN NO ORDENADOR.

4º E. I.

OS DINOSAURIOS

A PALABRA DINOSAURIO SIGNIFICA LAGARTO TERRIBLE




COÑECEMOS OS DINOSAURIOS POLOS

OSOS E PEGADAS QUE QUEDARON (FOSILES)



VIVIRON NA "ERA DO MESOZOICO" TAMÉN CONOCIDA COMO
"ERA DOS DINOSAURIOS"

ERAN HERBIVOROS E CARNIVOROS



OS DENTES DOS HERVÍVOROS SON PLANOS



OS DENTES DOS CARNÍVOROS SON AFILADOS




NACIAN EN OVOS



DÉSAPARECERON FAI VNS 65 MILLÓNS DE ANOS

POR UNHA INMENSA ROCHA PROCEDENTE DO ESPACIO QUE SE
CHAMA "ASTEROIDE" QUE CHOCOU COA TERRA
O IMPACTO CUBRIU O PLANETA CUNHA INMENSA NUBE DE PO
TAPANDO O SOL E ENFRIANDO A TERRA



5º Ed. Infantil

Famoso monte
de excursión



Recollemos moitas
coisas

Atopamos dous topos
mortos

OBSERVAMOS A NATUREZA

APRENDEMOS A RESPETALA

Recollemos paus, follas, pedras, flores



Cando chegamos a clase clasifi-
camos en seres vivos e non vivos

Conha lupa vimos os becos



Gostamos moito

6º Educación Infantil

Sabemos que

Na natura hai seres vivos.

Os seres vivos son animais e plantas

Hacen, se alimentan, teñen fillos

Hai cousas que non están vivas como as pedras.

Debemos coidar as plantas e os animais

FLORES DOS NOSOS XARDÍNS



Astromelia
ALSTROEMERIA

Protea

PROTEA



Calla

ZANTEDESCHA AETHIOPICA

Arden

RHODO DENDRON



OS XARDÍNS DAS CASAS
DE BELUSO TEÑEN
PLANTAS E FLORES
PRECIOSAS. AQUÍ VOS
DEIXAMOS A FOTO E O
NOME DALGUNHAS QUE
CHEGARON Á NOSA CLASE



Rosa

ROSA



Margarita

BELLIS PERENNIS

Xeranio

GERANIUM



Clavelina

DIANTHUS DELTOIDS



6º E. INFANTIL

O SISTEMA SOLAR

Neste curso os alumnos e alumnas de 1º de Primaria tivemos que estudar sobre o día e a noite, as fases da lúa, as estacións, e decidimos buscar máis información sobre o Sistema Solar: en diferentes páxinas de internet, vimos moitas fotografías, fixemos debuxos... e este pequeno resumo de toda a información que atopamos.



O Sistema Solar é un sistema ou grupo de planetas que xiran arredor do Sol no que se atopa a Terra. Consiste nun grupo de corpos astronómicos que xiran nunha órbita, grazas ao efecto da gravidade, arredor dunha única estrela coñecida como o Sol da que obtén o seu nome.



O noso Sistema Solar formouse hai uns 4600 millóns de anos a partires do colapso dunha nube molecular que o creou. O material residual orixinou co tempo unha serie de procesos físicos, a formación dos planetas. Na actualidade está situado nun Brazo de Orión, dentro da galaxia espiral Vía Láctea.


A Lúa é o único satélite natural da Terra. A Lúa xira arredor dun eixe (rotación) en aproximadamente 27,32 días (mes sidéreo) e se traslada arredor da Terra (traslación) no mesmo intervalo de tempo, de aí que sempre nos mostre a mesma cara. Ademáis, o noso satélite completa unha revolución relativa ó Sol en aproximadamente 29.53 días (mes sinódico), período no cal comeza a repetirse as fases lunares.

Os instantes de saída, tránsito e posta do Sol e da Lúa están relacionados coas fases. A Lúa se traslada arredor da Terra en sentido directo, en dirección leste. Como o Sol se move 1 grao por día cara o Leste, a Lúa atrasa diariamente a súa saída respecto á do Sol uns 50 minutos.

A Lúa xira arredor da Terra aproximadamente unha vez ao mes. Se a Terra non xirara nun día completo, sería moi fácil detectar o movemento da Lúa na súa órbita. Este movemento fai que a Lúa avance arredor de 12 graos no ceo cada día.

Se a **Terra** non rotara, o que veríamos sería a Lúa cruzando a bóveda celeste durante dous

semanas, e logo iríase e tardaría dous semanas (estaría ausente), durante as cales a Lúa sería visible no lado oposto do Globo.




Sen embargo, a Terra completa un xiro cada día, mentres que a Lúa móvese na súa órbita tamén cara ao leste. Así, cada día lle toma a Terra arredor de 50 minutos máis para estar fronte a Lúa novamente (o cal significa que nós podemos ver a Lúa no Céo.) O xiro da Terra e o movemento orbital da Lúa combinanse, de tal sorte que a saída da Lúa retrásase da orde de 50 minutos cada día.




Os movementos da Terra

A Terra non se atopa en reposo con respecto ao Sol senón que está en continuo movemento. Os principais movementos da Terra son os movementos de rotación, traslación, precesión e nutación.



A **Terra** desprázase, co resto de planetas e corpos do Sistema Solar, xirando arredor do centro da nosa galaxia, a Vía Láctea. Sen embargo, este movemento afecta pouco á nosa vida cotiá.

- **Movemento de rotación:** É un movemento que efectúa a Terra xirando sobre si mesma ao longo dun eixe imaxinario denominado Eixe terrestre que pasa polos seus polos. Unha volta completa, tomando como referencia as estrelas, dura 23 horas con 56 minutos e 4 segundos e se denomina día sidéreo. Se tomamos como referencia o Sol, o mesmo meridiano pasa fronte a nosa estrela cada 24 horas, chamado día solar. Os 3 minutos e 56 segundos de diferenza débense a que nese prazo de tempo a **Terra** avanzou na súa órbita e debe de xirar algo máis que un día sideral para completar un día solar.



- Movemento de Traslación: A Terra e a Lúa xiran xuntas nunha órbita elíptica arredor do Sol. A excentricidade da órbita é pequena, tanto que a órbita é prácticamente un círculo. A circunferencia aproximada da órbita da Terra é de 938.900.000 km e o noso planeta viaxa ao longo dela a unha velocidade duns 106.000 km/h.
- Ademáis destes movementos primarios, hai outros compoñentes no movemento total da Terra como a precesión dos equinoccios e a nutación, unha variación periódica na inclinación do eixe da Terra provocada pola atracción gravitacional do Sol e da Lúa.

Acrósticos Con Ciencia



Rata tola,
Ocupada está,
Comendo moito
Inventando e creando,
Os experimentos realizando.

Ruido que soa.
O polo que se mira.
Sabedoria que se aprecia.
As máquinas que se moven.
No laboratorio están,
As persoas que soñarán

Clará é científica,
Ana fai un experimento,
Rocío regala un boneco,
Lara fai un xogo ao momento,
Ainhoa pinta un corazón.

Nervios da miña ciencia.
O que quero é experimentar
As cousas do Universo.

Brais experimenta moito,
Recolle as probetas,
As mete nun carro
Ias garda en casetas.
Sempre se anima moito.

Inventando cousas novas
Nun laboratorio paso o tempo,
Evou descubrindo un mundo novo,
Sempre cheo de sorpresas.

Un día de inverno que
Xeaba moito
Inventei unha máquina do tempo.
Aquela levoume ao futuro.

Calor do sol,
Amigo das estrelas,
Redondas coma unha col.
Lindo é amigos das cometas,
Oceo está contento.
Todo no universo
Alegre e inmenso.

Xúntanse científicos para razoar
Os seus temores.
Seus experimentos axudan
Emellan todo o mundo

Mientras da enerxía
Atravesan fantasías,
Números para abaxo e arriba.
Unha tolería!
Estrelas brillantes,
Luces afumantes

Lúa chea
Alumea a noite e canda ela,
Unha estrela amiga que
Rara vez deixamos de ver
Alumeando nas noites escuras.

Levo tempo agardando
Aque chegue este momento,
Rematóu a miña espera
Agora xa teno invento.


Xeadas no inverno,
Unha seca no verán,
Lembranzas vellas
Inda presentes.
Amigos novos con quen viaxar.

Non me gusta a escuridade.

Amiña nai acéndeme a luz.
Yupil Xa podo ver,
Aínda que á miña idade
Rara vez me asusto,
Aluz é o mellor invento.

Ben listos que son
Remexendo sempre para atopar:
Experimentos, estudos, inventos.
Ideas tolas e xeniais
Xirando nas súas cabezas,
Onte, hoxe e mañá.

Artistas en todos os temas:
Natureza, matemáticas, mención.
Teorías novas sen parar.
Os nosos grandes científicos
Leriando sempre están.
Inventos e solucións
Nunca nos faltarán.



D
o relaxo nacen as horas.
A
mañece un novo día.
M
irando no mar as ondas
I
maxino a túa ledicia.
Á
praia chegaron as dornas
N
avegando sempre soliñas

M
irando cara ao ceo
A
pareceu unha estrela,
T
iña cinco puntas
E
cor amarela.
O
h, que bonita era

D
escubrindo o universo,
A
pareceu un neno.
V
íñame traendo un anaco de ceo.
I
maxinaba voar cara a outro lugar,
D
íxome observar o meu fogar.

M
esturando algúnhas herbas,
A
topando un bo lugar,
R
emexendo con paciencia,
C
on coidado e sen parar,
O
s segredos da ciencia
S
eremos quen de atopar.

M
isterio no ceo,
I
nfinitas estrelas,
G
randísimo universo.
U
bicámonos na terra
E
nela
L
embramos a ciencia.

P
or que non cae o sol e os planetas?
E
por que brillan tanto as estrelas?
D
ar resposta a estas e outras cuestións,
R
esolver os misterios da ciencia e
O
s enigmas, son a miña paixón.

L
anza a ciencia
U
n día tras outro,
C
on moitos inventos
I
mpulso no traballo
A
utor do meigallo.



Caín nun lago de sabedoría
 A carón do meu corazón.
 Raiolas de ideas e ilusións,
 Ledicia de facer a ciencia.
 Anoto números, fago letras.

Sinto a miña invención nas libretas.
 A realidade vaise formando,
 Non sei canto tarde en ser obxecto.
 Todo se vai encadeando,
 O debuxo, a forma.
 Saleu a invención da miña ciencia.

Agullas has de utilizar,
 Nas puntas do ovo picar.
 Auga e remollalo sae o ovo sen cascalo.

Encontrámonos baixo terra,
 Nacións soterradas.
 Arqueólogos que buscan,
 Rascan, limpan e lavan
 Anforas, xoias e tesouros escavados.



2º Ed. Primaria

Johannes Gutenberg (? - 1468)



Impresor

Crese que naceu en 1400 en Maguncia, onde se formou como orfebre. Algúns anos despois trasladouse, xunto á súa familia, a Estrasburgo. Chamado Gutenberg por un dos apelidos da súa nai.

En 1438 asociouse con Andreas Ditzeln para levar a cabo experimentos de imprenta. Cara a 1450 volveu á súa cidade natal, na que se asociou co comerciante e prestamista alemán Johann Fust, creando unha imprenta de tipos móbiles moderna, e onde probablemente comezou a imprimir a gran Biblia sacra latina, así como libros más pequenos. Terminou a Biblia de Gutenberg, a finais de 1456 e supонse que colaborou na súa realización Peter Schöffer, xenro de Fust e aprendiz de Gutenberg.

En 1455 Fust entablou un preito contra Gutenberg reclamándolle o diñeiro que investira na empresa polo que o impresor viuse obrigado a ceder a súa participación na mesma. Tras acabar con Fust, Gutenberg continuou imprimindo, tanto en Maguncia como na cidade de Elvile.

Crese que ao final da súa vida quedou parcial ou totalmente cego e que foi protexido polo elector Adolph von Nassau quen o acolleu na súa corte proporcionándolle os medios necesarios para vivir, alcanzando a apreciar a prodixiosa difusión e importancia do seu invento.

Johannes Gutenberg faleceu o 3 de febreiro de 1468 na súa cidade natal.



3º Ed. Primaria

Thomas Alva Edison (1847-1931)



Inventor estadounidense.

Naceu o 11 de febreiro de 1847 en Milan (Ohio). Fillo dun chamarileiro de orixe holandesa e unha institutriz. Tan só asistiu á escola durante tres meses en Port Huron (Michigan). A súa nai encargouse de darralle a formación elemental. Cando Thomas tiña dez anos de idade, preocupouse por proverlle de libros de ciencia, concretamente de física, e ata de instalarlle un pequeno laboratorio de química no propio fogar. Á idade de 12 anos comezou a vender xornais no tren que facía o percorrido entre Port Duron e Detroit, mentres se dedicaba no seu tempo libre á experimentación con imprentas e con distintos aparellos mecánicos e eléctricos. Comprou unha vella máquina de imprimir que atopou de ocasión, instalouna nun tren e, coas noticias de que podía decatarse, fixo un xornal para os viaxeiros. Nacia así o seu Weekly Herald. En 1862 publicou un semanario, o Grand Trunk Herald, impreso nun vagón de mercancías que ademais lle servía como laboratorio.

Tras unha valerosa fazaña na que salvou a vida do fillo dun xefe de estación, recompensáronlle coa realización dun curso de telegrafía. Durante o seu traballo como operador de telégrafos, creou o seu primeiro invento destacado, un repetidor telegráfico, grazas ao cal podíase transmitir mensaxes automáticamente a unha segunda liña sen que estivese presente o operador. Tras algúns tempo como operador de telégrafos, Edison logrou un emprego en Boston (Massachusetts) e dedicou todo o seu tempo libre á investigación.

Durante o seu traballo na compañía de telégrafos Gold and Stock de Nova York, logrou mellorar os aparellos e os servizos da empresa. Gañou 40.000 dólares vendendo accesorios telegráficos e puido montar en 1876 o seu propio laboratorio. Despois logrou un sistema telegráfico automático que melloraba a calidade e rapidez de transmisión. O seu gran invento dentro da telegrafía foi a creación dunhas máquinas que permitían a transmisión simultánea de diversas mensaxes por unha liña, que provocou o aumento da utilidade das liñas telegráficas existentes. O invento de Edison do transmisor telefónico de carbono foi moi importante para o desenvolvemento do teléfono, que fora patentado recentemente polo físico estadounidense Alexander Graham Bell.

En 1877 anunciou que inventara un fonógrafo a través do cal podíase gravar o son nun cilindro de papel de estaño. En 1879 exhibiu públicamente a súa bombilla ou foco eléctrico incandescente, o seu invento más importante. Tivo un gran éxito, polo que comezou o perfeccionamento das bombillas e das dinamos para xerar a corrente eléctrica necesaria.

En 1882 desenvolveu e instalou a primeira gran central eléctrica do mundo en Nova York. Con todo, más tarde, o seu uso da corrente continua viuse desprazado ante o sistema de corrente alterna desenvolvido polos inventores estadounidenses Nikola Tesla e George Westinghouse. Cinco anos despois trasladou a súa fábrica de Menlo Park a West Orange (New Jersey) onde creou un gran laboratorio de experimentación e investigación. (A súa casa e o seu laboratorio foron convertidos en museo en 1955).

En 1888 inventou o kinetoscopio, a primeira máquina que producía películas mediante unha rápida sucesión de imaxes individuais. No ano 1883, Edison descobre un efecto que levará o seu nome -efecto Edison-, consistente na emisión de electróns polos metais incandescentes. Este chorro de electróns emitidos por un filamento e recolleitos por unha placa será a base

moldeable sobre a que se desenvolven as más avanzadas técnicas de radiodifusión e televisión. O principio xa será o mesmo, ata o descubrimento do transistor que, dalgún modo, seguirá o mesmo proceso.

As modificacións producidas pola luz e o son serán aplicadas a ese chorro electrónico de forma tal que, a través del, sexan convertidas de novo en sons ou imaxes luminosas nos nosos receptores de radio ou televisión.

En 1915 foi nomeado presidente do Consello Asesor da Mariña de Estados Unidos, cargo que lle permitiu realizar descubrimientos valiosos. En total, creou máis de mil inventos.

En 1878 nomeáronno cabaleiro da Legión de Honor Francesa e en 1889 comendador da mesma. En 1892 foi galardonado coa Medalla Albert da Sociedade Real das Artes de Gran Bretaña e en 1928 conseguiu a Medalla de Ouro do Congreso de Estados Unidos "polo desenvolvemento e a aplicación de inventos que revolucionaron a civilización no último século".

Thomas Edison faleceu en West Orange, New Jersey, o 18 de outubro de 1931.




NATURNOVA

As nenas e os nenos de cuarto de Primaria queremos aproveitar este espazo no "Fiadeiro" para contarvos a nosa *experiencia científica* no Centro de Educación Ambiental "Naturnova" da Fundación Abanca en Vigo.


Nesta visita puidemos: facer experimentos, viaxar virtualmente, tocar diferentes materiais, observar vídeos, interactuar nos ordenadores, visualizar maquetas móbiles, escoitar sons, ulir distintas substancias e, sobre todo, divertirnos aprendendo moitas cousas.

En primeiro lugar, entramos nun *submarino simulado* e iniciamos unha viaxe virtual en 3D polas profundidades da ría de Vigo.




Na ruta avistamos as especies mariñas más comúns nas nosas rías: moluscos, coma a lura, o polbo e o choco; crustáceos, coma a centola e o boi ; peixes, coma a faneca, a raia, o linguado e o congro ; e mamíferos , coma o golfinho.

A continuación, fomos á SALA I “O UNIVERSO” , e xa na entrada observamos unha representación do universo e outra da nosa galaxia “A VÍA LÁCTEA” . Nun ordenador puidemos coñecer como está formado o universo e descubrir curiosidades sobre el como : onde nacen as estrelas, que é o Big Bang , como se producen as chuvias de estrelas ...



Nunha pantalla circular puidemos viaxar polo sistema solar e ver , por exemplo, como estaban colocados os planetas o día do noso nacemento.

Logo, pasamos á SALA II “O NOSO PLANETA”. Alí aprendemos a distinguir as distintas partes da Terra: a hidrosfera (conjunto de todas as augas), a atmosfera (capa de aire) e a xeosfera (capa sólida); e comprendemos a importancia que teñen todos estos compoñentes (auga, aire e solo) ,xunto cos seres vivos, no noso Planeta.



Nunha maqueta vimos a representación do **CICLO DA AUGA** : a evaporación da auga da superficie do mar e a formación das nubes que, posteriormente, descargan a auga en forma de chuvia para formar lagos e ríos que devolven, finalmente, a súa auga ao mar.

Tamén observamos noutra maqueta como se forma un tornado.

Nun ordenador pudemos sobrevoar Galicia nunha viaxe virtual para localizar lugares coma as illas Ons e Cíes, Pena Trevinca, A Lanzada...

Nun gran panel vimos diferentes seres vivos clasificados por tamaños, polo lugar onde viven, por como se desprazan....

En canto ao solo, pudemos ver ao natural distintas rochas propias de Galicia : a lousa, o granito...

Para rematar, visitamos a SALA III "*O HOME E O SEU MEDIO*".

Nada máis entrar, nun ordenador, podiamos seleccionar unha serie de impactos que os seres humanos exercemos sobre o noso planeta e obtiñamos, nunha gran pantalla, información sobre as consecuencias destes actos para o noso medio ambiente. E ao lado aparecían varias medidas para solucionalas.

Noutro ordenador atopamos información sobre as **extincións** de diversos seres vivos ao longo dos tempos, en moitas ocasións, producidas polos homes.

Noutra zona, presionando un botón e achegando o noso nariz, podiamos percibir distintos olores desagradables e, a continuación, saía unha imaxe na que se vía quen producía ese fedor.

Despois, nunha maqueta vimos que, grazas a luz recibida por unhas **placas solares**, xenerabase enerxía eléctrica que facía mover un pequeno tren. Se tapabamos as placas, o tren deixaba de moverse.

Ao lado había outra maqueta que, ao pulsar un botón, saía aire dun tubo que facía mover as aspas dun pequeno muíño de vento, que transformaba esa enerxía en electricidade, conseguindo acender unha lámpada.



Nesta sala démonos de conta que cando os seres humanos para progresar utilizamos os recursos da natureza, as veces sen control, ocasionamos efectos moi negativos no noso entorno, coma: a contaminación, a desertización, a extinción de especies... Ao mesmo tempo aprendemos que se poden tomar medidas para solucionar estes problemas, coma: **aforrar auga, electricidade, combustible; reducir os residuos; separar o lixo para despois reciclar; respectar as vedas...** En fin, tendo unha **CONDUTA RESPONSABLE**.



Hai un lugar no mundo

Cando o verán chega sempre teño a sorte de ir ao meu lugar favorito....

Gústame ese lugar porque están os meus amigos e se vai calor bañámonos. Cando penso nel sinto ganas de estar aí. Ás veces sinto que é o mellor lugar de todo o mundo. Encántame saltar dende as rochas, xogar cos amigos, saltar a boia...

É unha praia longa con rochas nos extremos e cunha arboreda por detrás. Está situada no lugar de Sar, na parroquia de Beluso. Ten un olor moi peculiar procedente do mar. Cando estou ali sintome moi relaxado.

(Abel Pastoriza)

É o meu lugar preferido porque estou cos amigos e xogo a facer casas con canas.

Nesa praia hai rochas, no fondo indo á dereita hai unha moi grande e detrás dela hai xente espida.

Lembro un olor moi especial: a comida que fan no chiringuito: tortilla, churrasco...

(Alba Porto)

É o meu lugar preferido porque polo solpor o ceo está moi bonito para bañarse no verán ou para camiñar pola praia no inverno.

Cando imos de acampada gústame mirar os barcos que pasan e as gamelas pescando no mar, bañarme nas augas tranquilas e despois coller a piragua e irmos ata o faro de Mourisca.

(Iago López)

.....Ver os peixes, a auga cristalina as ondas rompendo contra as rochas e a escuma branca que queda logo...

A verdade é que me da sensación de felicidade. Ás veces veñen os meus curmáns a xogar comigo, a facer castelos de area, a disparar ao ceo con pistolas de auga, a facer piscinas de area e enterrarnos nelas. Cando xa estamos cansos de xogar imos tomar un xeado no chiringuito e pode que algún que outro regaliz. Despois cazamos grilos, saltóns, formigas e moitos máis tipos de bechos e con un pouco de sorte atopamos mudas de serpe e enchémolas de area. E logo quedámonos a ver como vai marchando o sol.

(Álex Rosales)

Ese lugar é...

A PRAIA DE TUIA

5º Ed. Primaria

LAVADOIROS

Os lavadoiros son construcións públicas ao aire libre deseñadas para lavar a roupa. A maior parte teñen forma rectangular ou cadrada. Están formados por un ou máis pilóns conectados entre si a redor dos cales hai unhas pedras inclinadas para que a auga esvare mentres se lava a roupa. A maior parte deles foron construídos nos séculos XIX ou XX. Nas Rías Baixas aos lavadoiros chamámoslle RÍO.

LAVADOIROS DE BELUSO

1. RÍO DO PEÓN.

Atópase na Recta do Peón, na estrada que sae do centro de Beluso hacia Bueu, a man esquerda. Acédense por cinco pasos de escalaira, ao lado dun camiño de carro, de usos de sementeira e colleita que vai ás leiras. A fonte foi cambiada de lugar, antes estaba detrás do lavadoiro, ten a biqueira de pedra. A canle foi restaurada no ano 1965 con cemento. Ten unha cuberta de dúas augas con uralita no interior e tella por fóra.(Iago López, Daniel Fernández)



2. LAVADOIRO DA ROSA.

Situado na Rosa, preto da igrexa de Beluso. Consta dun só pilón. A fonte, da cal se pode coller auga, está antes do río e comunicase con el por unha canle. A cuberta é dunha auga, apoiada por un lado nunha casa e por outro nun muro de pedra. Ten unhas pedras por detrás para apoiar os capachos e as tinas da roupa.

3. FONTE LAVADOIRO DE SANAMEDIO.

Localízase en Bon de Arriba no adro de Sanamedio. Á fonte accédense por escalairas e está rodeada por muros de pedra e enmarcada nun friso de estilo clásico. A canle, subterránea, atravesa a parte de abajo do adro e xusto ao final deste terreo, con preciosas vistas á Ría de Aldán, atopamos o lavadoiro que ten a peculiaridade de ter forma semicircular. Non ten cuberta. O chan é de terra está rodeado de herba e flores.



4. LAGO MANSÍNO

Localízase en Montemogos, nun camiño que vai hacia Vilar. Éntrase por un carreiro que nos leva a un regato. É difícil dar con el. Non ten canle porque a pedra de lavar está situada directamente sobre o regato. Ocúltase no medio das herbas



5. A COBARTEÑA

Encóntrase en Bon, no medio dun bosque e ao lado dunha cova. Está nun lugar sombrío moi agradable no verán. A fonte e a canle son de pedra. Atópase un pouco abandoado. Consta de un pilón grande de pedra. (*Laura Agulla*)



6. FONTE DAS LAXES.

Está en Sar, Cabalo, ao pé da estrada. Consta dun **pilón** de pedra con chan do mesmo material. A **canle** é de pedra e a fonte está ao outro lado da rúa. Ten **cuberta** de 4 augas de madeira por dentro e tella no exterior. (*Carmen Comedeiro, Alba Porto*)



7. A FONTE NOVA.

Atópase no lugar de Montemogos, separado da **fonte** por unha estrada e a un nivel máis baixo. Posúe unha **canle** de pedra con biqueira para coller auga. Ten un pilón. Na zona do desagüe hai unha pedra aparte para lavar alfombras ou prendas especialmente sucias. A cuberta, de dúas augas apoiada en 6 pilares e trabes de madeira, é de uralita no interior e de tella no exterior. Ten **tarandeiras** para a roupa e madeira no chan para aillar os pés da auga. (*Pablo Soage*)



8. A FONTE DE OURIL.

Atopámolo en Chan do Piñeiro. Éntrase polo camiño paralelo ao Pazo de Ouril. Ten dúas escaleiras de acceso. Está no medio dunha fraga entre salgueiros, olmos, loureiro... O **pilón** rectangular ten pedras de lavar polo dous lados. A **canle** é de pedra e a **fonte** ten dúas biqueiras que están conectadas entre si: unha dá auga ao lavadoiro e outra para coller auga; hai dous pousadouros. A **cuberta** é de dúas augas sobre catro pilares, con madeira na zona interior e tellas por fóra. (*Antía López*)



9. LAVADOIRO DO VILAR.

Localízase en Vilar de Abaixo. Está á beira dun camiño, pero a un nivel máis baixo, case perdido entre os prados. Ten un **pilón** de pedra e cemento cuberto por herbas. A **canle** é de metal, sae do medio dunha rocha. Ten dúas biqueiras. É moi pequeno, a pedra de lavar só mide 1,40 m. de longo. Carece de cuberta. (*Jesús Herbello*)



10. LAVADOIRO DA PONTE.

Está situado no lugar da Chadiza, ao lado da estrada. Ten un **pilón** feito de pedra. A **canle** é tamén de pedra e non ten fonte. A **cuberta** aséntase sobre 6 pilares de pedra, trabes de cemento, o material interior é de ladrillo e o exterior de cemento. Está abandoado, xa non se emprega para lavar; ao redor está cheo de silvas e de herbas moi altas. (*Abel Pastoriza*)

11. LAVADOIRO DA PRAIA DE BELUSO.

Na Costa de Figueirón. Ten un **pilón** rectangular de pedra como a **canle** e o chan que tamén son dese material. A **fonte** é de auga potable. A **cuberta** é de uralita, dunha soa auga. (*Gisela Pérez*)

LETRAS GALEGAS 2015

XOSÉ F. FILGUEIRA VALVERDE (1906-1996)

Xosé Fernando Filgueira Valverde, coñécese no ámbito intelectual galego co sobrenome de “O vello profesor” polo seu papel como docente, profesión que comezou a exercer en 1927.

Naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906. Estudou a carreira de Filosofía e Letras e Dereito. Entre 1959 e 1968 foi alcalde de Pontevedra. Foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, director do Museo de Pontevedra e conselleiro de Cultura.

Mantivo unha extensa correspondencia con Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco...

Uns versos ledos:

Rapaces de Mourente

rapaces de Marcón,

vinde ver a Carracedo,

que fuxiu con San Simón.

Rouboulle a camisa

rouboulle o pantalón,

deixouno en cirolas

que metía compasión.



Nos últimos anos vinte e ata 1936, incorpóranse á literatura galega unha chea de escritores novos, seguindo os movementos de vanguarda europeos, ós que se coñece como “Xeración do vintecinco”.

Tiveron as súas propias publicacións, entre as que destaca a revista luguesa Ronsel, promoveron a creación do Seminario de Estudos Galegos e participaron activamente na creación do Partido Galeguista.

Destacan na poesía: Manuel Antonio, Fermín Bouza Brey, Luís Amado Carballo e Luis Pimentel. E o gran prosista desta época é Rafael Dieste pero merecen mención como prosistas desta época: Álvaro de las Casas e Xosé Filgueira Valverde.

Xosé Filgueira Valverde desempeñou un importante labor como erudito, crítico, ensaísta, etc., como narrador hai que facer mención de “**Quintana viva**” e “Vigairo” (“Lingua” X.Alberto Platero Varela, X.Luís Álvarez Freire, Modesto Hermida García. Edit. Galaxia/Edicións SM1988)

“**Quintana viva**” é unha recompilación de contos que teñen un referente no mundo da infancia.

LIBROS:

1925 “Os nenos”

1936 “Agromar”

1969 “Cancioneiriño novo de Compostela”

1971 “Quintana viva”

1973 “Da épica na Galicia medieval”

1978 “Sargadelos”

1979 “Segundo ADRAL”

1992 “VII ADRAL”

1996 IX ADRAL”

Na súa estampa de Filgueira Valverde, o presidente da Academia Galega, don Xesús Alonso Montero, salienta a diversidade e profundidade dos seus saberes, e o seu firme compromiso vital coa defensa e a recuperación da cultura galega.

“A obra do ilustre polígrafo pontevedrés constitúe un dos grandes capítulos da cultura galega do século XX” (academia.gal/novas)

PARA SABER MÁIS:

academia.gal/inicio (Web da Real Academia Galega)

<http://consellodacultura.gal/diadasletrasgalegas/2015>

“Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual” de D. Xesús Alonso Montero, actual presidente da Real Academia Galega (RAG)

6º Ed. Primaria

UN POUCO DE
UN POUCO DE VOCABULARIO RELACIONADO COA CIENCIA
VOCABULARIO relacionado coa CIENCIA

CIENCIA – 1. Coñecemento certo das cousas polos seus principios e causas. As ciencias definense polo campo ao que se aplican (o home, a natureza) e polo método que utilizan (especulativo, matemático, experimental)

2. Conxunto das ciencias exactas, fisicoquímicas e naturais.

CIENTÍFICO/-A – Persoa que se dedica á investigación científica ou que é especialista nalgunha ciencia.

CIENTIFISMO – 1. Teoría segundo a cal os métodos científicos deben estenderse a todos os dominios da vida intelectual e moral.

2. Confianza plena nos principios e resultados da investigación científica, e práctica rigorosa dos seus métodos.

CIENCIA-FICCIÓN – Xénero narrativo e cinematográfico caracterizado por basearse en hipotéticos mundos moito más desenvolvidos científica e tecnicamente ca o actual.



DESCUBRIR – 1. Coñecer algo que se ignoraba.

2. Achar, atopar, encontrar, inventar algo antes descoñecido. Ant. agachar, ocultar, esconder, encubrir.

DESCUBRIMENTO – 1 Encontro de algo oculto ou descoñecido.

2. Acción de descubrir algo antes ignorado ou descoñecido.

3. Achado, invento, descuberta.

4. Cousa descuberta.

DESCUBRIDOR/-A – Inventor

DESCUBERTO/-A – 1. Achado, atopado.

2. Descubrimento de tipo xeográfico ou científico.

INVENTAR – 1. Achar ou descubrir unha cousa nova. Sin. Enxeñar, idear.

2. Achar, argallar, crear, idear, descubrir, encontrar. Ant. Copiar, imitar, plaxiar.

INVENTOR/-ORA – (do lat. "inventore", persoa que encontra ou descobre; inventor, autor)

1. Persoa que inventou ou inventa algo.

2. Autor, creador, descubridor, pai, produtor.

3. Argalleiro.

INVENTO – 1. (do lat. "inventu", descubrimento, achado, invento, invención e do lat. "invenire" atopar, achar, encontrar; inventar, descubrir) Cousa inventada. Sin. Descuberta, invención.

2. Achado, descuberta, invención



6º Ed. Primaria

OS GRANDES CIENTÍFICOS

Isaac Newton

Naceu o 25 de decembro do 1642, en Woolsthorpe, Lincolnshire, Inglaterra. Durante a súa infancia tivo unha saúde débil e aos seus pais lles parecía un mal estudiante, aínda que os seus compañeiros de clase o consideraban bastante listo.

Sen dubida algunha foi un dos máis importantes científicos da historia da humanidade. A súa achega é fundamental en campos como as matemáticas (cálculo), a óptica (teoría da luz) e a mecánica (leis do movemento e gravitación universal).

Segundo a lenda, estando Newton sentado no xardín da súa casa, viu unha mazá caer e preguntoouse por qué caera. Así terminou establecendo a teoría da gravitación universal.

Seu pai faleceu antes de el nacese, así que súa nai tivo que ocuparse soa de toda a familia. Ela pensou que este fillo podería ser granxeiro, pero ao darse conta do seu talento, enviouno á universidade. Alí, o mozo tivo que traballar para pagar os estudos.

Ao rematar a universidade Newton dedicouse a investigación en física e matemáticas.

Newton deseñou en 1668 o primeiro telescopio, parecido aos que se usan actualmente na mayoría dos observatorios astronómicos. O telescopio é un aparello que serve para observar os astros.

Morreu o 20 de marzo do 1727, en Cambridge, Inglaterra.

A DESCOMPOSIÇÃO DA LUZ E O DISCO DE CORES

Newton tamén destacou polo seu descubrimento do fenómeno da luz. Comprobou que, se facía pasar un feixe luminoso por un prisma, a luz branca descomponse nunha serie de cores. Da experiencia co feixe luminoso deduciু que se a luz branca se podía descomponer en sete cores, combinando estas cores poderíase volver á cor branca.

Demostrou esta teoría utilizando un disco xiratorio no que se colorean varios sectores de cores. Estas cores teñen a mesma orde na que aparecen no arco de abella : vermello, laranxa, amarelo, verde, azul, anil e violeta.

* feixe --> Conxunto de raios luminosos dunha mesma orixe. Conxunto de partículas que se moven aproximadamente con igual velocidade e dirección.

*Dous tipos de **poliedros** son : os prismas e as pirámides. Os prismas teñen dúas caras paralelas e iguais, chamadas bases, e o resto das súas caras son paralelogramos (cadrado, rectángulo, rombo e romboide). * poliedros --> Son corpos xeométricos cuxas caras son todas polígonos. Os elementos dun poliedro son : caras, arestas e vértices. Polígono : é unha figura plana formada por unha liña poligonal pechada e o seu interior. As partes dun polígono son : os lados, os vértices, os ángulos e as diagonais.

Albert Einstein

Naceu o 14 de marzo do 1879 en Ulm, Alemaña.

De neno non falou con soltura ata os nove anos e aprendía lentamente, sen embargo foi un increíble científico.

En 1905 publicou artigos que establecen as bases da física moderna, entre eles a Teoría especial da relatividade. Formula a súa famosa ecuación $E=mc^2$ e afirma que a enerxía dun corpo é igual á súa masa multiplicada pola velocidade da luz ao cadrado.

En 1916 publica a súa Teoría xeral da relatividade. En 1919, a observación dun eclipse confirma a súa teoría.

En 1921 recibe o premio Novel pola súa explicación do fenómeno fotoeléctrico.

Morre o 18 de abril do 1955. Cando morre o seu cerebro e extraído para ser analizado, e, contrariamente ao esperado, tiña o mesmo tamaño ca o dunha persoa media.

William Harvey

Naceu en Folkestone, Kent (Inglaterra), o 1 de abril.

En 1616 anuncia, nas súas clases de anatomía, o descubrimento do sistema circulatorio, aínda que non o publica.

Harvey estaba interesado na reproducción, sobre todo nos mamíferos. Tiña a teoría de que as femias producían óvulos que eran fecundados polo esperma do macho.

Aínda que nunca conseguiu encontrar ningún óvulo, a súa teoría demostraríase máis de douscentos anos despois.

En 1628 publicou o seu Estudio anatómico do movemento do corazón e o sangue nos animais, e, anos máis tarde (no 1651) publicou a súa investigación en embrioloxía nos seus Ensaios sobre a xeración dos animais.

Morreu en Londres o 3 de xuño do 1657.

Científicos relacionados coa electricidade**Dmitri Mendeleiev**

Naceu o 8 de febreiro do 1834 en Tobolsk, Siberia (Rusia).

En 1869 creou a primeira versión funcional da Táboa Periódica dos Elementos ordenánndoos polos seus pesos atómicos. Mendeleiev fixolle a cada elemento unha "carta", na que escribiu o seu símbolo, peso e propiedades físicas. Ademais Mendeleiev ordenounosc colocando verticalmente en columnas os elementos químicamente similares comezando polo hidróxeno (situado arriba á esquerda).

O sistema de Mendeleiev non era o único disponible na época, pero era excepcional porque predicía elementos ainda non descubertos e deixaba espazos para eles na Táboa, nos lugares correspondentes.

En 1882 recibe a medalla Davy xunto ao químico alemán Lothar Meyer.

Morreu o 2 de febreiro do 1907 en San Petesburgo, a causa dunha gripe.

Hans Christian Oersted

Naceu no 1777 en Rudkøbing, na illa de Langeland, Dinamarca.

Este gran físico danés descubriu a relación entre a electricidade e o magnetismo. Observou en 1819, que unha agulla magnética podía ser desviada polo efecto da corrente eléctrica. Profesor de universidade.

Oersted xa intuía desde facía anos que había algúun tipo de relación entre electricidade e magnetismo, pero foi en 1820 cando realizou o experimento crucial que vería nacer o electromagnetismo: cando facía pasar unha corrente eléctrica por un fio condutor cerca dunha agulla imantada, viu que se desviaba, se movía. A raíz do experimento, Oersted investigou intensamente o fenómeno e abriu o camiño para que Ampère e Faraday desatrollaran as leis do electromagnetismo.

Tamén fixo unha importante achega á química illando por primeira vez o aluminio, en 1825.

Alessandro Giuseppe Antonio Anastasio Volta

Naceu o 18 de febreiro do 1745 na cidade italiana de Como.

Logrou construír a primeira pila eléctrica.

Volta realiza o seu primeiro invento: un aparello relacionado coa electricidade. Con dous discos metálicos, separados por un condutor húmido, pero unidos cun circuito exterior logra, por primeira vez, producir corrente eléctrica continua, inventa o electróforo perpetuo, un dispositivo que unha vez que se encontra cargado pode transferir electricidade a outros obxectos.

Descubriu en 1780, que o contacto con dous metais diferentes co músculo dunha ra producía electricidade, tamén empezou a facer os seus propios experimentos de electricidade-animal, pero chegou a outra conclusión no año 1794: non era necesaria a participación dos músculos dos animais para producir corrente. Esta achega produciulle moitos conflitos, non só co seu amigo Galvani, se non coa maioría dos físicos da época que eran adherentes á idea de que a electricidade só se producía a través do contacto de dous metais diferentes coa musculatura dos animais. Sen embargo, cando Volta logrou construír a primeira pila eléctrica, demostrou que se encontraba no certo e vencera na batalla aos seus colegas.

Benjamin Franklin

O político e científico norteamericano Benjamin Franklin (1706 – 1790) non se imaxinaba o perigo que corría cando en 1752, durante unha tormenta voou un papaventos cun arame puntiagudo no seu extremo superior. Cando Franklin colleu coa man o soporte metálico ao que estaba unido o fío do papaventos, saltou unha chispa eléctrica. Así demostrouse por primeira vez que os raios das tormentas ou tempestades eran auténticas descargas eléctricas. Os raios son as descargas eléctricas súbitas que van das nubes á terra.

Franklin aplicou pronto na práctica o seu descubrimento. Demostrou que unha vara longa de metal colocada no alto dun edificio atraía os raios durante as tormentas. Conectou a vara metálica co chan e así inventou o pararrayos.

Hoxe en día o pararrayos continúa coa súa función protectora, aínda que tamén contamos con curtocircuitos, que poñen ao abrigo de sobretensións perigosas de orixe atmosférico aparellos e circuitos eléctricos.

Michael Faraday

Físico inglés. Michael Faraday naceu o 22 de setembro do 1791 en Londres.

Nun dos seus experimentos más famosos demostrou que un campo magnético pode producir unha corrente eléctrica por un proceso chamado indución.

No 1831 dedicouse a investigar o electromagnetismo e creou o primeiro exemplo de xerador eléctrico.

No 1845 descubriu o diamagnetismo, o magnetismo que mostra unha substancia sometida a un campo magnético. Establece que a forza magnética e a luz están relacionadas.

Morreu o 25 de agosto do 1867 en Londres.

Thomas Edison

Thomas Edison naceu o 11 de febreiro do 1847 en Ohio, Estados Unidos.

Un desgraciado experimento provocou un incendio nun vagón onde el traballaba, e o xefe do tren expulsouno, propinándolle unha labazada tan violenta que o deixou xordo para o resto da súa vida.

Edison inventou o papel parafinado para envolver os alimentos e o chicle.

Edison soñaba con inventar a lámpada eléctrica, polo que púxose a traballar nela. O 4 de setembro do 1882, foi instalado o primeiro sector de distribución eléctrica.

Morreu o 18 de outubro do 1931 en Nueva Jersey.

André Marie Ampère

Naceu o 20 de xaneiro de 1775, en Lyon, Francia.

Considérase un prodixio da humanidade. Xa aos doce anos, dominara toda a matemática desa época. No ano 1801, á idade de 26 anos, foi nomeado profesor de física e química no Instituto de Bourg, e no 1809, profesor de matemáticas na Escola Politécnica de París.

Desenvolveu completamente en moi pouco tempo as bases matemáticas da teoría do electromagnetismo de Oersted e formulou una lei do electromagnetismo, chamada [Ley de Ampère](#).


Definiu a unidade de medida da corrente eléctrica: o amperio, así coma o instrumento para medila, o amperímetro.

Morre o 10 xuño do 1836, deixando inacabado o seu último libro "[Ensaio sobre a Filosofía das Ciencias](#)"

FONTES:

- museovirtual.csic.es/salas/magnetismo/biografias.htm
- "Grandes científicos" SM ISBN 978-84-675-2999-9
- www.lenntech.es/periodica/tabla-periodica.htm
- climantica.org (biblioteca)

DARÍO CAMIÑA NÚÑEZ – 6º PRIMARIA



6º Ed. Primaria

MÚSICA, CIENCIA E MATEMÁTICAS!

Este ano, na aula de música, os nenos e nenas de ED.Infantil, 1º e 2º cursos estivemos a traballar xogos, cancións, recitados, danzas, contos e coreografias relacionadas coa ciencia e as matemáticas.

Deixámosvos aquí unha mostra delas:

XOGOS DE SORTE

- *Un avión xaponés cantas bombas tira ao mes?*

(O aludido di un número e o sorteador conta ata chegar ao número referido).

- *Pelo gato vintecatro, unha, dúas, tres e catro.*
- *Nun café rifase un gato a quen lle toque o número catro un, dous, tres e catro.*
- *Doce meses ten o ano, catro fases ten a lúa, dime ti cántas pedriñas ten o chan da túa rúa ?*

(O aludido di un número e o sorteador conta ata chegar ao número referido).

CANCIÓNS

- **Os números** (do disco Xiqui, xa que, fiú, fiú de María FumaÇa).

*Son **1** cando estou soa,*

*somos **2** se ti estás comigo,*

*somos **3** se somos dous e ven algún outro amigo.*

***4** patas ten o can,*

***5** os dedos da man,*

***6** son os anos que eu teño*

***7** os do meu irmán.*

8 patas ten a araña,
9 son tres veces tres
e se isto eu o aprendo ...
vanme poñer un **10.**

(Con esta canción traballamos o concepto de nº e logo inventamos unha coreografía en grupos de tres).

Outras cancións con números foron:

- *Mi barba tiene tres pelos.*
- *Un, dous, tres.*
- *Andando, andando...*

RECITADOS

Un, dous, tres, coas pernas cara diante.

Un, dous, tres, coas pernas para atrás.

Un, dous, tres, camiñamos todos xuntos.

Un, dous, tres, camiñamos ao compás.

(Recitamos e facemos a coreografía).

DANZAS

A través das danzas traballamos a direccionalidade, lateralidade, dentro-fóra, ritmo, pulsación...

Nesta ocasión traballamos do libro-disco "Cantar e bailar"

- *Río verde.*
- *Don Melitón.*
- *Tris-tras.*

XOGOS

- Pita cega.
- 1,2,3 zapatiño inglés.
- Números e movemento con música.
- Aros (dentro e fóra, distintos agrupamentos)...

Equipo de Mediación

Ola, somos o equipo de mediación do colexio C.E.I.P. Montemogos, imos explicarvos o que facemos durante o recreo cando hai un conflito:

- 1º- Escoitamos a versión dunha persoa do conflito.
- 2º- Despois escoitamos a versión da outra persoa.
- 3º- Logo aclaramos o sucedido.
- 4º- Por último, entre elas teñen que buscar unha solución.

Se están feridos ou se o conflito é moi grave acudimos ás mestras ou mestres do patio.



O RECUNCHO DE MEDIACIÓN

Este ano contamos cunha nova axuda para resolver os conflitos dentro do colexio:

"O recuncho de mediación"



Este recuncho é un lugar no que podemos resolver os problemas con máis tranquilidade.

Consiste en dúas cadeiras: unha para que se sente un neno/a e conte a súa versión, e a segunda, para que o outro neno/a escoite en silencio o que di o seu compañeiro/a. Despois, intercambiaranse o lugar para escoitar a versión de ambos, e así poderemos atopar unha solución entre todos .

Cando chegaremos a un acordo, faremos un "selfie" para que quede constancia de que resolvieron o seu conflito.



FIADEIRO